

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o vinte de xaneiro de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

13/23 PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO, DENDE O 27 DE FEBREIRO DE 2016 ATA O 26 DE FEBREIRO DE 2017.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 12 de xaneiro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

"Examinado o expediente de referencia e vistos os seguintes:

Primeiro.- Contrato administrativo asinado en data 27 de febreiro de 2015 coa mercantil SOCAMEX S.A.U. para a prestación do SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO por un prezo máximo do contrato de 16.500,91 euros, máis o 21% do IVE (3465,19 euros) o que resulta un prezo máximo anual do contrato de 19.966,11 euros IVE incluído e un prazo de execución do contrato de UN ANO a contar dende a data da formalización sendo prorrogable por mutuo acordo das partes por outro período máximo anual, sen que a duración total do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de DOUS ANOS

Segundo.- Solicitud presentada pola empresa en data 9 de decembro de 2015 de prórroga do contrato.

Terceiro.- Informe da farmacéutica municipal responsable do contrato de data 10 de decembro de 2015 favorable á prórroga e mentres que non se modifique o sistema de xestión do ciclo da auga e se asuma as funcións contratadas, en cuxo caso a prórroga quedará sen efecto.

Cuarta.- Certificación de existencia de crédito na aplicación 16100.22799 por un importe de 19.966,11 euros (RC 1640/16)

Quinta.- Certificacións positivas da AEAT, Seguridade Social e do Concello de Lugo de non ter débedas.

Visto que o contrato vence o vindeiro día 27 de febreiro de 2016 deberá procurarse que o acordo municipal correspondente se adopte con anterioridade a esta data."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico en funcións de Alcaldesa-Presidenta (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Ref: 16x030130023

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-1-2015

Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo subscrito por este Concello e a mercantil SOCAMEX S.A.U para a prestación do SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO polo prazo dun ano contado dende o 27 de febreiro de 2016 ata o 26 de febreiro de 2017 sen prexuízo de que no suposto de que antes de rematar este prazo entrase en funcionamento o novo sistema de xestión do ciclo de auga e se asumisen os traballos obxecto deste contrato, este contrato quedaría sen efecto, todo isto en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato subscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 19.966,11 euros IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 16100.22799 (RC 1640/16).

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas. Contra dita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.


E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra.



CSV: Llfah+Df+9ldEABaduSE4g==




SINATURAS
ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL



PAXINA: 2 / 3
DATAS (UTC)
26/01/2016 09:07:52
26/01/2016 09:07:53

Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



CSV: LLfah+Df+9ldEABaduSE4g==

SINATURAS

ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA 3 / 3

DATAS(UTC)

26/01/2016 09:07:52

26/01/2016 09:07:53

